



DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do 28 de maio de 2025 aprobou o Regulamento de TFM do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

# MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

## REGULAMENTO DE TRABALLO FIN DE MÁSTER

Aprobado en Comisión de TFM e Prácticas Externas 09-01-2025

Aprobado en Comisión Académica Interuniversitaria 10-02-2025

Aprobado en Comisión de Plan de Estudios (UDC) 14-05-2025

Aprobado en Consello de Goberno (USC) 28-05-2025

Aprobado en Xunta de Escola da EEME (UVIGO) 26-02-2025

Aprobado en Xunta de Escola da ETSE (USC) 30-05-2025

### 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto deste regulamento é establecer as bases de actuación e os procedementos de traballo relativos á asignación, titorización, presentación, defensa e cualificación do Traballo de Fin de Máster (en diante TFM). Será de aplicación para a titulación:

**Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo**

O contido deste documento compleméntase co conxunto de regulamentos e procedementos vixentes na UDC, USC e UVIGO relacionados coa matrícula, defensa e depósito dos TFM para os seus respectivos/as estudantes, así como coas normativas referidas ao recoñecemento de créditos e a mobilidade de estudiantes. Así mesmo, o TFM axustarase ao establecido na memoria de verificación da titulación.

### 2. Natureza e titorización do Traballo Fin de Máster

O Traballo Fin de Máster consistirá nun traballo orixinal realizado individualmente, no que se identifique o proxecto ou o problema para resolver, así como as restricións sociais, xurídicas, de seguridade, ambientais, económicas e tecnolóxicas.

O TFM pode consistir nun traballo de investigación ou de deseño ou de estudos de desenvolvemento científico ou técnico, sempre relacionados coas distintas materias ou ámbito do Máster.

O TFM poderá realizarse ao amparo dun Grupo de Investigación da UDC, UVIGO ou USC, ou ben durante unha estadía nunha Empresa, Organismo Público, Universidade, Centro de

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

Investigación ou Centro Tecnolóxico co que manteña unha relación contractual ou con convenio activo con algunha das tres universidades implicadas no Máster.

O TFM desenvolverase baixo a supervisión dun ou máis titores académicos que serán Persoal Docente e Investigador (PDI) dos centros de adscrición do Máster e/ou dun departamento que imparta docencia na titulación. Cando se realice o TFM nunha empresa ou institución allea ás tres universidades implicadas no Máster, nomearase un/a titor/a externo/a e un/a titor/a académico/a PDI que cumpra os requisitos anteriormente indicados. No caso dos TFM desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudiantes —ERASMUS e outros programas de mobilidade—, exercerá como cotitor/a o/a titor/a do intercambio ou un/a PDI dun dos centros adscritos ao Máster e/ou dunha área que imparta docencia no Máster seleccionado polo/a estudiante.

Con carácter excepcional, e sempre que estea debidamente xustificado, a Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster poderá autorizar a titorización ou cotitorización dun TFM por calquera PDI da UDC, USC e UVIGO que non cumpla cos requisitos de vinculación anteriormente indicados.

O/o titor/para programará sesións de traballo co/a estudiante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expoñer a cada estudiante as características do traballo, de orientalo/a no seu desenvolvemento e de velar polo cumplimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e de emitir os informes preceptivos e confidenciais sobre este seguimento e a súa avaliación, antes da defensa do TFM.

O compromiso de titorización comprende soamente o período definido para a realización do TFM no Plan de Estudios (12 semanas). Isto non impide que o/a titor/a e o/a estudiante poidan prolongar esta titorización de común acordo.

### 3. Oferta e asignación de TFM

Para a oferta e asignación de temática de TFM ao estudiantado, habilitaranse dous procedementos ou modalidades diferenciadas. O detalle das fases e prazos habilitados para cada modalidade/procedemento publicarase, cada curso académico, na páxina web do Máster (calendario de TFM).

#### Modalidade a)

O estudiantado poderá xestionar e presentar, baixo a supervisión dun determinado titor ou titora, unha proposta de TFM á coordinación local de cada universidade,

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

utilizando o formulario de solicitud de autorización do TFM, disponible na páxina web do máster (Anexo I). A proposta só será válida se inclúe a firma do/da titor/a, en sinal de conformidade coa titorización do devandito traballo.

Unha vez validadas a temática e titorización das propostas, a Comisión de TFM e Prácticas Externas asignaraas ao estudiantado que promovese esta proposta.

### Modalidade b)

No caso de que quede estudiantado matriculado na materia e sen asignación de TFM, e xa finalizado o prazo para a modalidade a), a Comisión de TFM e Prácticas Externas solicitará ao profesorado que presente propostas ou temáticas de TFM orientadas ao devandito estudiantado (Anexo II).

Unha vez revisadas as propostas, a Comisión informará o estudiantado da listaxe de ofertas de TFM da modalidade b). Durante o período de exposición pública, o estudiantado deberá facer selección de 3 das propostas publicadas, indicando orde de prioridade (Anexo III). A Comisión de TFM e Prácticas Externas asignará a cada estudiante unha das propostas dispoñibles e titor/a, en base a:

1. Orde de prioridade marcada polo estudiantado
2. Nota media no expediente do Máster

No caso de que o título do TFM ou algúns dos/as titores/as deba ser modificado, será o propio estudiante quen envíe a súa solicitud (Anexo IV) á coordinación local, que a trasladará á Comisión de TFM e Prácticas Externas. Esta solicitud deberá estar asinada polo/a solicitante, o/a profesor/a que aceptara previamente a proposta de TFM e, no seu caso, polo/a novo/a titor/a, e incluirá unha xustificación das razóns para o cambio. Unha vez resoltos estes cambios, notificarase ao estudiantado e ao/á titor/a para os efectos oportunos.

### 4. Contido do TFM

O documento ou memoria final onde se plasmará o traballo realizado deberá conter, polo menos, os seguintes apartados:

1. Introdución
2. Obxectivos
3. Metodoloxía

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

4. Resultados
5. Conclusións
6. Bibliografía

A portada será a mesma para todos os TFM (Anexo V) e estará dispoñible para a súa descarga na web do Máster.

A elaboración e defensa do TFM poderá efectuarse en calquera das lingua oficiais da Comunidade Autónoma e, no seu caso, as recollidas na memoria de verificación.

### 5. Realización e seguimento do TFM

Cada estudiante acordará co seu titor/a de TFM a realización e prazos de entrega do mesmo. O/A titor/a terá as seguintes responsabilidades para a correcta realización e seguimento do TFM:

- Asesorar, guiar e supervisar ao/á estudiante durante a elaboración do seu TFM, e velar polo cumprimento dos obxectivos marcados.
- Emitir, dentro do prazo estipulado, informe favorable ou desfavorable para a defensa do TFM que titoriza (Anexo VI), así como o informe de avaliación (Anexo VII).

### 6. Entrega e defensa do TFM

As datas de entrega e defensa do TFM publicaranse cada curso académico xunto cos horarios e calendarios académicos, que serán aprobadas pola comisión interuniversitaria con anterioridade ao comezo do curso académico. Establecerase un período de, como mínimo, 10 días hábiles entre a data de entrega da documentación e a data de defensa do TFM.

Para a defensa e avaliación do TFM, o/a estudiante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades. Cada curso académico ofertaranse tres oportunidades de defensa de TFM (Febreiro, Xullo e Setembro).

Os requisitos indispensables para a defensa do TFM son:

1. Ter superado os 72 ECTS restantes da titulación —materias ordinarias e prácticas externas curriculares—.
2. A entrega do documento/memoria de TFM, no prazo estipulado.

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

O centro responsable de cada estudiante debe verificar que cumple os requisitos necesarios para a defensa do TFM. Para estos efectos, se na data de defensa áinda non se recibiron as actas de avaliación das materias, a Comisión de TFM e Prácticas Externas solicitará ao profesorado encargado das devanditas materias que informe sobre as cualificacións do estudiantado que estea a solicitar a defensa do TFM.

O procedemento completo de solicitude de defensa e entrega/depósito do TFM rexererase segundo a normativa de cada centro.

### 7. Avaliación do TFM

O TFM será defendido en acto público de forma presencial. Enténdese como actividade presencial aquela que sexa síncrona e esté programada para ter lugar de forma presencial nun centro e, ó mesmo tempo, de forma virtual noutro centro distinto, sexan estos da UDC ou doutra universidade ou organismo con capacidade de intervención académica a nivel de ensino superior.

Excepcionalmente, baixo petición debidamente xustificada por parte do/a estudiante, a Comisión de TFM e Prácticas Externas podería autorizar a defensa pública de forma telemática.

A Comisión de TFM e Prácticas Externas encargarase de facer pública a composición dos tribunais e a convocatoria de defensa. As persoas que conforman os tribunais deberán ser Persoal Docente e Investigador (PDI) dos centros de adscrición do Máster e/ou dun departamento que imparta docencia na titulación:

- Presidente/a e suplente respectivo
- Secretario/a e suplente respectivo
- Vogal e suplente respectivo

En ningún caso, a(s) persoa(s) que titoriza(n) o TFM poderá(n) formar parte do tribunal de defensa.

Cada estudiante disporá dun tempo máximo de exposición de 15 minutos. A continuación, deberá atender as preguntas, comentarios e/ou suxerencias que poidan formular os membros do tribunal de avaliación, durante un tempo máximo de 15 minutos.

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

Cada estudiante será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

- Traballo realizado polo/a estudiante, incluíndo a calidade da memoria presentada (50%).
- Informe preceptivo de avaliación dos/as titores/as (20%).
- Presentación e defensa do TFM ante o tribunal de avaliación (30%).

Concluída a exposición e escoitadas as respuestas do/a estudiante, o tribunal deliberará a porta pechada e determinará a cualificación correspondente ao TFM. A cualificación comunicarase o mesmo día da defensa (Anexo VIII) e redactarase unha acta individual para ese efecto (Anexo IX).

A revisión ou reclamación da cualificación final do TFM levarase a cabo de acordo co establecido no Anexo VIII: Listaxe provisional de cualificacións.

### 8. TFM con cláusulas de confidencialidade ou baixo protección de dereitos de propiedade industrial e/ou intelectual

A propiedade intelectual dos traballos correspóndele ao/á estudiante que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con alguma empresa/entidade ou dun proxecto ou liña de investigación da UDC, UVIGO ou USC, os dereitos de explotación dos resultados obtidos poderán ser obxecto de cesión por acordo expreso entre o/a estudiante e o/a titor/a ou o representante legal da entidade ou empresa, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Cando o contido total ou parcial do TFM estea suxeito á protección de dereitos, o/a estudiante e o seu titor/a do TFM deberán notificalo por escrito á Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster mediante un informe no que se especifique esta necesidade. Este informe presentarase no momento de facer a entrega da memoria do TFM.

O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade (Anexo X) sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente.

Neste tipo de TFM entregaranse dúas versións da memoria: unha reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de secreto ou confidencialidade, e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade. O exemplar completo deberá indicar dalgun modo que partes son confidenciais para o seu coñecemento polo tribunal de avaliación. A custodia dos TFM

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

suxelos a cláusulas de confidencialidade rexerase polos procedementos propios de cada institución.

Realizaranse dúas sesións de presentación do TFM, unha primeira privada na que se presentarán e discutirán os contidos protexidos. Cada estudiante terá un tempo máximo de 15 min para facer a súa presentación, e o tribunal disporá de 15 min para fazer as preguntas que considere oportunas. Na sesión pública, o/a estudiante terá 5 min para facer a presentación dos contidos non protexidos.

### 9. Disposición adicional primeira

Facúltase á Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para resolver cantas cuestiós técnicas non previstas xurdan da aplicación deste regulamento.

### 10. Disposición adicional segunda

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado polos órganos correspondentes das tres universidades implicadas no título.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: **ANTONIO LOPEZ DIAZ**, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/06/2025 18:21:56.

Asinante/Firmante/Signer: **DULCE MARIA GARCIA MELLA**, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/06/2025 15:25:25.

CSV: E424-A544-4DAF-82A5